

A stylized illustration of a woman with short, wavy, dark hair, wearing a reddish-brown button-up jacket over a blue top. She is shown in profile, leaning over a chalkboard and writing with a piece of white chalk. The background is a solid light green. The text is positioned to the left of the woman's head.

**BENQUERIDA
ENRIQUETA**

XULIO XIZ

DESDE O CAOS E A VIOLENCIA ATÉ A HARMONÍA E A PAZ

Xesús Mato Mato. Crego, musicólogo e escritor

A súa loita por mellorar o mundo, as súas inquedanzas culturais e sociais, os seus proxectos fantasmais fracasados (para ela eran derrotas persoais) e, sobre todo, as enfermidades que se foron apoderando dela e as secuelas da súa axitada vida anterior, foron creando, entre os seus poucos pero fieis amigos que lle quedaron, un clima de respecto e solidariedade. Compartimos os seus últimos 15 anos sendo testemuñas do forte e galopante deterioro físico. Pasou do caxato/bastón (que usara non só para apoiarse) ás muletas caseiras (máis altas ca ela) e ás de moda... ata chegar a ter que usar cadeira de rodas e a posterior etapa de se quedar encamada.

Coas súas capacidades físicas rebaixadas daba a sensación que ían cara arriba as súas facultades mentais, psíquicas e humanas. As relacións melloraban, día a día. Por iso, a pesar das súas arrou-tadas e palabras fortes, chegamos a comprendela e querela. Por iso estivemos ao seu lado na etapa máis difícil da súa vida, cunha relación de tolerancia, respecto, amizade e cariño. Dalgún xeito fomos fieis ás verbas que ela mesma dixera en Radio Popular: *“Eu creo que se me coñecen ben e ven o que quero e o que propoño, me deberan respectar”*. Acreditamos que tiña razón.

Eu quero subliñar que o amor segue a ser o grande e único motor capaz de mudar as cousas e encarrilar este egoísta, insolidario e desnortado mundo. Experimentouno Enriqueta na súa propia vida. Interna e externamente. A Enriqueta egoísta, brava, violenta, seca e dura consigo mesma e cos demais, (froito dos golpes que levou) deixouse querer e palpou o que é e significa o amor. Vivira sempre nunha cruel soidade. Mesmo no terreo físico. Ao remate da vida (nunca pensara niso) cando viña de mal/vivir soia e nun ático (5º piso) sen ascensor, sen pensalo nin programalo, aparece noutro máis reconfortante, con ascensor e por riba, ofrecido pola súa coidadora Amalita e familia que a acolleron na súa casa con moito agarimo e amor.. Non daba creto. Estaba a piques de crer no milagre. Pasou a ser a raíña da

casa! Sentíase querida, de verdade. Mudoulle o carácter, amosando o que realmente era ela, aínda que nunca o exercitara: sensible, doce, cariñosa, amable, alegre, tranquila. Espertoulle tamén a paciencia e renaceulle a tenrura. Confesou sentirse moi feliz e agradeceu vivir esta etapa como “a mellor da súa vida”. Nunca vivira en paz con ninguén. Nin consigo mesma, nin coa familia. Foi rica. Mesmo no económico. Coa súa paga de mestra rehabilitada e os seus cativos aforros, administrados polo consello de amigos que ela creara en vida, gozou dos mellores e felices días da súa dura historia.



Xesús Mato Mato

Non morreu soia, nin abandonada, nin amargada, nin pobre, como ousaron dicir algúns inconscientes, non de boa fe. Non lle tiña medo á morte. “Durmiuse” moi tranquila, serea, en harmonía e en paz. Faleceu, no hospital de San Xosé, o 31 de outubro do 1989, facendo o mesmo percorrido do ano 1946 (que cousas brinda a vida!... casualidade!?) desde o mesmo lugar (o edificio onde pasou a última etapa está ao carón do agro do Rolo) pero, agora, ceibe e liberada de tantas penas e escravitudes que a tiveron amarrada en vida.

Penso que era preciso dicir estas cousas para que non haxa máis esquecementos, silencios, malos entendidos, críticas negativas sobre os derradeiros días dunha muller forte, valente, sensible, solidaria, firme e coherente. Esa é a outra, a descoñecida e verdadeira faciana da nosa inesquecibel e querida Enriqueta. Teño a seguridade, garantida pola fe cristiá, na que creu Enriqueta aínda que non adoitaba dicilo, que está a gozar da compañía do noso Señor, Pai Bondadoso e Fiel, no País dos xustos/santos. Descansa na Paz de Deus, Enriqueta!!